

PARA FACERSE SOCIO/A

DATOS PERSONAIS

Nome _____
 Apelidos _____
 DNI _____
 Data nacemento _____
 Profesión _____
 Rúa _____
 Código postal _____
 Poboación _____
 Provincia _____
 Teléfono _____
 E-mail _____

DESEXO FACERME SOCIO/A

Cunha contribución anual de:

- | | |
|------------------------------------------|-----------------------------------|
| <input type="checkbox"/> 18 euros | <input type="checkbox"/> 36 euros |
| <input type="checkbox"/> 24 euros | <input type="checkbox"/> 48 euros |
| <input type="checkbox"/> Outra cantidad: | |

Desexo fraccionar os pagamentos:

- | |
|------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Cada tres meses |
| <input type="checkbox"/> Cada seis meses |
| <input type="checkbox"/> Cada ano |

DOMICILIACIÓN BANCARIA

Nome do titular _____
 Apelidos _____
 DNI _____
 CCC (código conta corrente) _____

Devo permiso para cargar no miña conta corrente/llerces amba indicado e, coa nova cobertura, os recibos que se mean presentados por Labañou Solidaria.

ASINA O TITULAR

¿QUEN SOMOS?

LABAÑOU SOLIDARIA é unha ONG de cooperación que traballa coas vilas más empobrecidas do planeta, promovendo a mellora das súas condicións sanitarias, educativas, sociais e productivas.

LABAÑOU SOLIDARIA defende o empoderamento das vilas más empobrecidas, cun escrupuloso respecto á propia cultura e ó medio natural, na procura dun desenvolvemento sostible e autónomo.

LABAÑOU SOLIDARIA naceu no barrio de Labañou no ano 1999 para promover a irmandade cos cidadáns de Vilcabamba, un distrito de extrema pobreza da serra andina peruana.

LABAÑOU SOLIDARIA finánciase coas achegas dos socios e a contribución de moitos veciños e veciñas do barrio de Labañou e da cidade da Coruña. Véndense camisetas, fanse ceas solidarias, sardiñadas e outras iniciativas ó longo do ano.

LABAÑOU SOLIDARIA conta coa colaboración de institucións coma o Sergas, o Concello da Coruña ou a Deputación. Algunhas empresas, laboratorios farmacéuticos ou particulares, tamén contribúen coas súas achegas.

PARA CONTACTAR CON LABAÑOU SOLIDARIA

Oficina: rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo
 Barrio de Labañou, 15011 A Coruña (España)

E-mail: labanousolidaria@hotmail.com

Páxina web: www.labanousolidaria.org

Teléfonos de contacto:

Lola Veiguela (Centro S. Sociais de Labañou) 981 277092
 Luis Astray (Centro de Saúde de Labañou) 981 268384
 Lina Flores (Asociación Veciños de Labañou) 981 140979

Conta corrente:

Caixa Galicia. Oficina da rúa Manuel Azaña "Los Rosales"
 N° de conta: 2091-0716-30-3040001223

DE LABAÑOU A VILCABAMBA

Un proxecto de cooperación en atención primaria de saúde e desenvolvemento comunitario



LABAÑOU SOLIDARIA

www.labanousolidaria.org



¿COMO É VILCABAMBA?

Vilcabamba é un distrito peruano a uns 350 km ó noroeste da cidade de Cuzco, nunha cordilleira andina a 3.000 m de altitude onde se foron refuxiar os últimos incas que combateron ós españoles a finais do século XVI. Tárdase 20 horas en chegar dende o Cuzco. Unha pista de terra que ascende pola cordilleira de Vilcabamba é a única "estrada" do distrito. O resto son camiños de ferrodura para percorrer andando ou a cabalo.

Vilcabamba ten unha extensión similar á metade da provincia de Pontevedra. A súa poboación, 15.000 persoas, moi dispersas, vive da agricultura e da ganadería, e está declarada de extrema pobreza polo goberno peruano.

O prototípo de familia vilcabambina está composta polo pai, a nai, e seis fillos vivos de nove embarazos. A nai non fixo controles previos ó parto; os fillos naceiron na casa atendidos por un familiar ou parteira tradicional. Viven nunha casa de adobe dun só ambiente, piso de terra e teitume de palla. Sen a penas mobiliario, carecen de auga, desaugadoira e electricidade. Contan cunha hectárea de terreo onde cultivan papa (pataca) e algúns legumes, destinadas ó consumo familiar. Ningún dos pais asistiu á escola, pero os fillos, ata os 14 anos, asisten a unha escola primaria que se atopa nunha aldea a 1 hora de camiño. As nenas van menos á escola porque seus pais consideran que non é necesario, que é preferible que se queden na casa axudando a buscar auga, recolectar leña e coidando ós irmáns máis pequenos.

Padecen e morren de enfermidades infecciosas e parasitarias, favorecidas pola malnutrición.

¿EN QUE CONSISTE O PROXECTO?

O proxecto de cooperación con Vilcabamba é un proxecto de desenvolvemento comunitario de tipo global, na procura dunha mellora da calidade de vida dos vilcabambinos/as, no que, ademais de atención primaria de saúde, aténdese a sanidade veterinaria, produción agropecuaria, educación, mellora dos recursos e dinamización e organización da comunidade.

Na cidade da Coruña, e sobre todo no barrio de Labañou, o proxecto contribúe á educación pola paz e a solidariedade, dando a coñecer ós cidadáns, e especialmente ós nenos dos colexios, a dura realidade na que viven outros seres humanos, así como outros costumes, valores, culturas, e maneiras de entender a vida, tamén moi respectables.

Tódolos anos, ademais do traballo permanente de divulgación, preparación e busca de recursos financeiros, viaxan a Vilcabamba profesionais sociosanitarios durante os meses de xuño e novembro.

Cada vez, máis veciños e cidadáns da Coruña estanse a implicar e colaborando de múltiples formas ó longo de todo o ano, na irmandade de Labañou con Vilcabamba.



¿QUE SE FAI TÓDOLOS ANOS?

- Lévase material sanitario e menciñas.
- Préstase asistencia en consulta no Centro de Saúde e nas postas sanitarias.
- Realizanse exames de saúde ós nenos das escolas.
- Fórmase ó persoal sanitario e promotores de saúde, especialmente en materia de nutrición infantil, vacinas, hixiene e promoción dos partos institucionais.
- Realizanse cursos de capacitación agropecuaria (promoción dos hortos familiares e cría de animais) e de formación de líderes comunitarios (participación e organización da comunidade, formulación e planificación de programas de desenvolvemento).
- Desenvólvese un plan para erradicar a epidemia de fasciola hepática, que está afectando gravemente ó gando vacún, ovino e porcino de Vilcabamba.
- Lévase material escolar, e trabállanse os hábitos saudables nas escolas.
- Cada ano fináncianse dúas bolsas para que dous nenos/as poidan continuar os seus estudos na cidade de Cuzco (iniciativa do colexio Calasanz, de Labañou).
- Ábreñense centros cívicos nas localidades, como lugar de espallamento e socialización da poboación. Dotados de ordenador, TV, video, cedea de música, libros e xogos.
- Creánse asociacións de mulleres e mozos, sendo os sectores máis dinámicos do distrito xunto ás organizacións campesiñas.
- Conformatse unha nova organización comunitaria en Vilcabamba (Grupo Xerador do Avance Distrital), como organización impulsora do desenvolvemento global do distrito e como ONG de contraparte do Proxecto Labañou-Vilcabamba.
- Realizanse documentais para dar a coñecer o proxecto.